

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

de Carlos Casares



XUNTA DE GALICIA

Guía didáctica
Magdalena de Rojas
Cristina Novoa
Pilar Sampedro

As laranxas
máis laranxas
de todas as laranxas

de Carlos Casares

Guía didáctica

Autoras

Magdalena de Rojas
Cristina Novoa
Pilar Sampedro

Ilustrador

Óscar Villán

Centro Dramático Galego

Director: Manuel Guede Oliva
Producción: Francisco Veiga
Secretaría de dirección: Manuela Domínguez Amoscótegui
Administrativa: América Peña
Axudante de producción: Laura Hevia Solares
Xestión: Manuela González Bravo

Esta Guía Didáctica editouse coincidindo coa posta en escena do Centro Dramático Galego de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, estreada o 22 de outubro de 2004 no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Equipo artístico

Versión e dirección: José Caldas
Composición e dirección musical: Bernardo Martínez
Escenografía, vestuario e caracterización: Marta Silva
Iluminación: Juanjo Amado
Xastra: María Negreira
Fotografía: Miguel Fernández
Asistente de dirección: Anabell Gago
Producción: Fran Veiga

Elenco

Alba Blanco Taín: Veciña Sabida
Alberte Cabarcos: Elías
Davide González Lorenzo: Veciño Gordo
Ailén Kendelman Mouzo: Veciña Desdentada
Fran Lareu: Veciño da Escopeta
Laura Villaverde: Anxa

Equipo técnico

Técnico de iluminación: Juanjo Amado
Auxiliar de iluminación: Antonio Constenla
Técnicos de son: Guillermo Vázquez e Antonio González Budiño
Encargado da estrutura escénica: Salvador Forján
Tremoias: Elixio Vieites, Mauro Chao, Antonio Mayo Toti, René Rodríguez-Moldes, Xaquín Rei e Daniel Arias
Auxiliar de imaxe e son: Juan Carlos Pacios
Encargado de talleres: Fernando Rodríguez
Xastra: María Negreira
Limpeza: Marisol Pérez
Prensa: Ana Rosales, Ana Miragaya (Comunicación Agadic)

Colabora co CDG

Gabinete de imaxe e comunicación: Trisquelia

Agradecementos

Xavier Casares, Hoka Casares e Lois Soaxe (*Rap da tortilla*)


As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

de Carlos Casares

Guía didáctica

galicia





índice

- 7 O mundo é redondo coma unha laranxa
- 9 Palabras na boca dun escenario
- 11 Anotacións para o lector adulto

- 15 Antes da función...
- 19 De escuro á luz das laranxas...
- 23 De cartolinas e bambolinas
- 27 Anxa
- 33 Ao son das laranxas
- 39 Hai que saber caer
- 45 O peliqueiro
- 51 De brinquedos e brincadeiras
- 57 Elías
- 61 As laranxas do día despois

- 65 A Fundación Carlos Casares
- 67 Uns apuntamentos sobre o autor
- 70 Contactando...
- 71 Bibliolaranxas

A elaboración desta guía didáctica ten dous obxectivos concretos: por unha banda, achegar, modestamente, o noso grande area no proceso de ensino-aprendizaxe do feito teatral nas aulas; e por outra, aproveitar os innegables recursos didácticos e as grandes vantaxes educativas que pode ofrecer una montaxe teatral como *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, permitindo aos rapaces e rapazas explorar, aprender e xogar desde dentro dun conto/espectáculo. Hoxe, en moitos centros educativos prográmanse visitas didácticas a espazos culturais e a asistencia a numerosos espectáculos escénicos durante o curso escolar como parte da formación dos alumnos. Sabemos que a escola é unha entidade aberta, emisora e receptora das novas inquiredanzas sociais e culturais, xogando un papel moi importante no proceso de democratización da cultura e da socialización do individuo. Por iso, e sendo conscientes de que a formación non a logra só o profesor coas súas clases, senón tamén coa motivación dos alumnos para investigar e descubrir o mundo que o rodea, é polo que abrimos as portas do noso teatro, subimos o noso pano e ofrecemos as follas desta guía didáctica para que a experiencia teatral e pedagóxica que aquí propoñemos, forme parte tamén desa “outra escola”.

Pero este novo proxecto non quere ser algo illado na historia da nosa compañía e sen conexión co futuro. De nada vale que poñamos en marcha esta campaña escolar, que os máis pequenos veñan ao noso Teatro e coñezan o traballo do Centro Dramático Galego, que fagamos unha guía didáctica para esta produción, que se traballe nas escolas o noso espectáculo, se todo isto non está acompañado no futuro dunha continuidade no aspecto artístico e no aspecto da xestión de públicos. É vontade do CDG que exista esta continuidade e levar á escena o máis significativo do teatro infantil, algo que terá que ser compaxinado co resto das nosas producións.

Queremos aproveitar esta pequena declaración de principios para dar as grazas pola súa profesionalidade a todo o equipo que fixo posible este caderno: a Pilar Sampedro, Cristina Novoa e Magdalena de Rojas pola súa imaxinación e compromiso co mundo da educación e a formación á hora de elaborar os contidos da Guía. A Óscar Villán polos seus trazos e cores e a Damián Villalaín e á Fundación Carlos Casares polo seu apoio neste novo proxecto. Agardamos que todo isto quede reflectido na guía didáctica e que o seu traballo teña a maior receptividade posible en calquera dos ámbitos da comunidade educativa de Galicia.

O Teatro debe ocupar un espazo específico na formación dos máis pequenos, debe reivindicarse como unha das materias importantes e necesarias nos seus primeiros pasos formativos. Os nosos nenos son persoas, e así teremos que tratalos: seres humanos que captan, ás veces, mellor ca nós, os maiores, aspectos e realidades artísticas. Por iso, o deber do Centro Dramático Galego é facer un espectáculo que lles guste e impacte visual e esteticamente, pero que tamén lles

aporte valores de futuro na súa formación. E todo iso está en *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* de Carlos Casares, e todo iso enmárcase, así mesmo, dentro do traballo a desenvolver polos profesores e os nenos con esta Guía Didáctica.

Para todos vós son as nosas árbores, as nosas laranxas.
Espremeo o seu zume... e que teñades unha boa colleita.

Centro Dramático Galego

◉ mundo é redondo coma unha laranxa

Atopei un mundo dentro dos textos de Carlos Casares. Foron textos para nenos os que eu lin. A peza de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* pareceume, nunha primeira lectura, como era para nenos, vítima do modelo de teatro infantil vixente daquela. Como se o autor tivese que “menorizar” a súa arte para comunicarse con este público. Os outros textos en prosa parecéronme moito máis profundos, moito máis “tolos”, moito máis poéticos. Pero, mentres ía reflexionando no texto teatral e, ao incluír neles entretextos da obra en prosa do autor, comecei a descubrir que podería ir máis lonxe. Dar outra dimensión aos personaxes. Procurar nel os arquetipos que sobrepasasen os simples personaxes en buscar unha tonalidade que os tornase máis complexos. O primeiro vento que me soprou un recado foi a idea da Comedia da Arte: personaxes que simbolizan (ou aglutinan) aspectos universais do ser humano. O arlequín, a colombina, o capitán... Despois, novo sopro, a peza debía presentar os personaxes, dalgunha

maneira como pallasos, cos seus alborotos pero recusando, ao mesmo tempo, unha certa tentación de “teatro infantil”: recordei aos *clowns* máis sutís, como Buster Keaton, como Guilietta Massina, etc. Quen pensa en *clown* pensa en circo e pensa no **redondo** da area, no **redondo** das laranxas, no **redondo** do mundo.


Creo que o teatro para a infancia non designa un modelo ou unha estética, senón, apenas, **un público**. Así, un creador que se dedica a este público non poderá nunca deixar de ser adulto, un adulto que desexa comunicarse cos nenos a través da súa arte.

Con enorme respecto polo autor comecei a “delongar” o seu texto teatral, nuns casos excluindo personaxes que me parecían “infantilizados”; noutros, substituíndo algúns fragmentos por outros textos do autor nos que a complexidade e a poesía me parecían máis xustas.

Pensar os personaxes nunha dimensión máis diversa: así o personaxe do Veciño Gordo, ao que lle gusta comer, remitiría á dimensión do mito, un xeito de deus Dionisio, admitindo a súa sensualidade e a animalidade do home. O personaxe de Anxa, próximo ao arquetipo da Grande Nai, da nai natureza que coida da terra, que ten o rostro da cor das laranxas. O pequeno Elías, o tipo de home ibérico: ese *clown* ao que lle gusta aparentar forza, pero que no fondo non é máis ca un neniño dependente da forza telúrica e real das mulleres.

Por fin ao pensar este espazo-mundo redondo como a area do circo ou a praza de touros, unha imaxe pasou a converterse en obsesiva para min: o xogo de nenos (recórdoo ben) do “fai de conta”, extremadamente serio pero trouleiro tamén, onde os personaxes existen pero poden deixar de existir, a profunda conciencia de que están representando: “agora eu son o pai”, “agora eu son a nai” (que son eu) din... Este xeito de representación “brechtiana” que foi beber no teatro oriental moita da súa teoría é unha aproximación ao texto sagrado que os nenos de maneira *innata* saben facer.

José Caldas



*"O home do impermeable amarelo
Buscou palabras no seu corazón:
palabras ledas, palabras ásperas,
palabrar anchas coma o mar e enfiou
con elas historias breves, tan delgadas
que se arrolasen entre os dedos da brisa.
Escribiunas en pequenas follas de papel
E foina pegado con todo o coidado nas ramas
da árbore desplumada."*

Gloria Sánchez

*"La poseía es algo que anda por las calles.
Que se mueve, que pasa a nuestro lado.
Todas las cosas tienen su misterio, y la poesía
es el misterio que tienen todas las cosas...
El teatro es poesía que se levanta del libro y
se hace humana. Y al hacerse, habla y grita,
llora y se desespera. El teatro necesita que
Los personajes que aparezcan en la escena
lleven un traje de poesía y al mismo tiempo
que se les vean los huesos, la sangre."*

Federico García Lorca

Palabras na boca dun escenario

Hai persoas que escriben para o teatro. Escriben palabras para dicir en alto. Palabras que agochan segredos na tinta negra das páxinas dun libro. Ás veces son palabras máxicas que se converten en cancións ou en pasos imposibles que marchan do revés. Outras veces explican brincos, pinchacarneiros de triple salto e quen sabe se un croque, unha tose finxida, un desmaio intermitente, dores e choros de xoguete ou un sorriso adurmiñado que esperta para se poñer nos labios dun actor, dunha actriz. Será a dirección quen decida o tamaño da curvatura do sorriso. Será todo canto queira o autor imaxinar, mesmo se inventa un enigmático pasatempo coas laranxas máis laranxas de todas as laranxas.


Foi en 1973. Carlos Casares gañaba a primeira edición do Concurso de Literatura Dramática para a Infancia e a Mocidade convocado pola asociación cultural O Facho. *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* nacían pensadas para o público, pensadas para dicir en alto, pensadas para crear en escena un xogo surrealista arredor dun limoeiro. Corenta e un anos dan para moitas colleitas de froita e para moito rolar de laranxas polos escenarios. Hoxe, aquelas laranxas conservan un recendo de aire fresco, o sabor dos divertimentos, esa presenza das pezas que nunca pasan de moda. E sempre hai alguén que quere seguir xogando.

José Caldas, director desta nova produción do CDG, parece coñecer os misterios de todas as laranxas do mundo, as músicas que mellor combinan con este enredo, os bailes que, como nun xogo de espellos, multiplican por mil o coro de personaxes sobre unha pista de circo e malabares. Toda unha brincadeira que integra o conto de Carlos Casares *A galiña azul* e que pon de novo *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* a disposición do público.

Para ese público son estas actividades que agora presentamos. Tómesese como un punto de partida, como apuntes ou suxestións modificables segundo o gusto do consumidor. Será o propio proceso

levado a cabo cos rapaces o que marque o ritmo e invente novos camiños. Habará propostas que necesiten varias sesións e outras que, se cadra, teñan cabida nun tempo máis impreciso, nunha conversa no corredor, nun comentario no recreo... Pero, na chegada, completada a experiencia, coas pezas que se consideren máis axeitadas para gozar e experimentar cos códigos da linguaxe teatral, nese remate, haberá tantas laranxas diferentes coma grupos teñan visto a función. E se nunha fase posterior, pasado un tempo, é posible realizar un intercambio de traballos entre grupos de diferentes idades e cidades, teremos con toda seguridade as laranxas máis laranxas de todas as laranxas.

As autoras



Anotacións para o lector adulto

Un apunte

O lector adulto comprobará axiña que este apartado sobra, está de máis. Ese lector foi, antes que adulto, neno ou nena e sabe perfectamente o que significa xogar. Sabe isto e moito máis porque na experiencia acumulada ao longo dos anos terá vivenciado centos de situacións nas que o xogo actúa coma un sólido esqueleto sobre o que se articulan as pezas do ser humano. Crear, expresar, comunicar... non son senón disfraces que axudan a nomear unha acción moito máis sinxela e antiga.

O lector adulto sabe, por definición, xogar. Quizais teña esquecido algún detalle; se cadra ten que escaravellar na súa biografía e recuperar unha chispa, unha imaxe, o primeiro xoguete, aquel “eu era a nai e ti eras o fillo”.

No reparto de papeis que aquí se propón, o adulto ten unha clara función de guía. Esa persoa que organiza, dá pistas, ofrece diferentes itinerarios e deixa tempos libres e abertos para que o grupo que estea baixo a súa dirección poida explorar diferentes camiños. Debe estar entre bambolinas se é preciso, en primeira liña de escenario cando así o mande o guión e facer mutis se a ocasión o require. Non é senón deixarse levar pola propia inercia do proceso. Só hai que atreverse a dar ese primeiro paso.

Anxa, Elías, os veciños de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* agardan impacientes pola resposta do público. Unha resposta que vai moito máis aló dos aplausos e que consiste nunha creación colectiva a partir de pequenas pezas que son a visión de cada espectador.

Nin receitas, nin fórmulas, nin indicacións sobre movementos ou xestos a realizar valen, por tanto, neste caso porque o papel do lector adulto está por escribir. Faga cadaquén o seu propio texto sobre a proposta que aquí se presenta.

Algunhas orientacións

Este traballo ten o seu epicentro situado nunha circunstancia moi especial: a reposición do primeiro espectáculo do Centro Dramático Galego dirixido ao público infantil. Arredor da adaptación que José Caldas fai da peza de Carlos Casares *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* está articulada esta guía didáctica cun enfoque adaptable – como liña de traballo a seguir– a calquera outra función teatral.

Trátase dunha proposta globalizada coa intención de percorrer os mundos do teatro (escenografía, iluminación, personaxes...) e tamén aqueles que van saíndo ao paso a partir da montaxe (circo, *Commedia dell'Arte*, Entroido...). O obxectivo fundamental é espertar nos rapaces a sensibilidade estética e o gusto polo teatro, entendendo

como creación artística; adquirir os códigos da linguaxe teatral e favorecer o desenvolvemento de recursos para a valoración crítica das obras teatrais.

As laranxas serán, pois, un motivo para falar de teatro, para ir ao teatro, para xogar a facer teatro, para ler teatro... unha disculpa para prestarlle atención a ese xénero e traballar en torno a un proxecto que faga xirar a actividade dun grupo de rapaces, durante un tempo determinado, arredor del.

Un proxecto que prioriza o proceso de desenvolvemento das actividades sobre o resultado pero que non esquece a importancia da comunicación final do produto realizado, sexa cal sexa. Un libro de experiencias, un caderno de personaxe, unha gravación, unha exposición... diferentes traballos que, nunha fase posterior, poidan viaxar e intercambiarse entre grupos de diferentes idades ou cidades que tivesen a oportunidade de ver a función.

A guía estrutúrase en dez bloques, para o tratamento de diversos contidos suxeridos pola montaxe teatral:

1. Antes da función...
2. Do escuro á luz da laranxas...
3. De cartolinas e bambolinas
4. Anxa

5. Ao son das laranxas
6. Hai que saber caer
7. O peliqueiro
8. De brinquedos e brincadeiras
9. Elías
10. As laranxas do día despois

Como indica o seu título, o primeiro bloque deberá realizarse antes da asistencia á función teatral. Servirá para crear unha expectativa, espertar o interese e os coñecementos previos, centrar a atención sobre o mundo do teatro e preparar para asistir á representación cunha actitude axeitada.


Non se debe esquecer a importancia de preservar o factor sorpresa á hora de acudir a unha obra de teatro, e polo tanto, non se adiantará máis do que é preciso. Especialmente, a montaxe do teatriño deixarase para despois da función, tal e como se indica no apartado correspondente.

Estes bloques permiten un desenvolvemento independente, e no seu conxunto, constitúen un proxecto que podería ocupar cando menos un trimestre. Poden traballarse de forma consecutiva, pero admiten un tratamento discontinuo ao longo do curso escolar, no caso de que se opte por un proxecto a máis longo prazo.

Un apartado especial desta guía é o dedicado ao autor de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, Carlos Casares. Engádense información sobre o escritor e a súa obra, e unha proposta para un posible proxecto lector, a partir das principais obras que Casares aportou á literatura infantil galega.

Dentro de cada un dos bloques, aparecen as propostas dirixidas directamente ao grupo que as vai poñer en práctica. Incorpóranse unhas orientacións para o mediador que vai coordinar a actividade e, tamén outros textos breves orientados a guiar a actividade dos propios rapaces.

Será o mediador quen decida as actividades máis axeitadas para o seu grupo: escoller os apartados que vai traballar, as actividades que vai propor e o grao de profundidade no tratamento. As propostas, así e todo, van sinaladas cun símbolo orientativo sobre a idade para a que parecen máis apropiadas.



Orientacións para o/a profesor/a

Orientacións para o grupo

Marcador de actividades

Actividades 4-8 anos

Actividades 8-12 anos

Antes da función...





Trátase de facer unha primeira aproximación ao espectáculo ao que van asistir os nenos a partir da análise do cartel. A información que achega este material (título, autor, director, compañía...) actuará coma desencadeante das seguintes actividades que teñen como finalidade implicar aos nenos na organización da saída. A partir do cartel iniciárase a análise dos elementos que interveñen na posta en marcha dunha peza dramática. Aproveitarase, así mesmo, para realizar actividades de anticipación sobre o contido da historia que van ver.

Cando

Anuncias

Roupa

Teatro

Entroido

Luras, xoubiñas de Rianxo, repolo de Betanzos...

Podes facer un _ _ _ _ _ que se le de arriba a baixo.

Antes da función...



Xogamos co título:

- Primeiro hai que buscalo no cartel
- Hai que contarlle as palabras, e as letras, e ver as que se repiten...
- *As laranxas máis laranxas...* ¿será cousa de sumas? ¿Será cousa de tamaño? ¿Farán zume para todos? ¿Virán doutro planeta?



Ides ver a representación teatral *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* e xa coñecedes o cartel. Identificade nel os distintos elementos cubrindo unha ficha coma esta:

Análise do cartel

Título da obra

Compañía teatral

Autor/a

Dirección

Guión/Adaptación

Escenografía

Vestuario

Iluminación

Actores/actrices

Lugar de representación

Producción

Música

Outras informacións

Imos?



- Preparade o texto para solicitar unha invitación ao Centro Dramático Galego. Podedes enviar unha carta, unha mensaxe de correo electrónico, sinais de fume, unha pomba mensaxeira ou contratar a Miguel Strogoff. O caso é conseguir a reserva; ¿cantas butacas?, pois, a cú por asento, teñen que saír as contas.



- Chegado o día, non queremos que se perda ninguén. Buscade no plano da cidade a localización da sala e preparade o percorrido.



- Seguro que na prensa atopades máis información sobre as datas e os horarios da función. Ollade nas páxinas da vosa localidade, na axenda cultural e, nunca está de máis, na sección coas previsións do tempo. Se cadra hai que levar paraugas para o camiño.



- Cómpre avisar aos pais. Coa información que tendes sobre esta actividade, preparade un texto dirixido ás familias informando da asistencia do grupo á mesma: finalidade, horario de saída e previsións de chegada, modo de transporte, acompañantes, organizadores...



Distinguido público



- Para ser público tamén hai que ser un pouquiño actor e os actores ensaian moito antes dunha función. Preparade un patio de butacas, unhas ringleiras de asentos e imaxinade que estades no teatro. Poñede atención, ás veces non é doado atopar o sitio que vos corresponde.



(Entran no teatro nenos e nenas para ver a función. Algunhas voces bucan a súa butaca dicindo os números en alto. Rebumbio, un dos pequenos esqueceu facer pis e agora non aguenta. Outro engánase e senta no seis porque mira a entrada do revés. Son os nervios. Soa un timbre. Unha vez, dúas, tres veces. Baixan as luces. O público fai silencio)



(O patio de butacas case cheo. Rebumbio de voces. Entra o último grupo. Dúas rapazas cantaruxan unha canción de moda; mala sorte, tócalles sentar separadas, o dúo musical fica en suspenso. Chega un rapaz moi apurado, co polgar ás carreiras polo teclado do móbil. Hum! Debe ser unha mensaxe superimportante; en todo caso é un ultimatum porque hai que apagar móbiles, dúos de voz e conversas. Empeza a función)



- A partir das situacións que suxire o texto e doutras que pensedes que se poden dar ao inicio ou durante unha función teatral, un espectáculo... elaborade un listado, en positivo, das principais normas que o público deberá gardar por respecto aos actores e actrices, e para o disfrute da obra, o recital, a película ou o concerto, por parte de todos.



Estes xogos pensados para familiarizar ao grupo coas normas que rexen nos espectáculos pódense completar coa análise de diferentes entradas de teatro, concertos, cine... Mellor se son os propios nenos os que achegan este material, seguro que pode suscitar un debate moi interesante sobre o porqué de apagar o móbil, a prohibición de gravar ou facer fotos, etc. En definitiva, revisaranse as pautas de comportamento no contexto teatral para un mellor disfrute da actividade, e por respecto aos traballadores da compañía e ao resto dos espectadores.



Do escuro á luz das laranxas...






A anotación que inicia o texto dramático serve para introducir as actividades que pretenden traer, ao momento presente, as sensacións do comezo da representación e posibilitar por diversos medios a expresión destas sensacións, as observacións que fixeron e as emocións ou ideas que lles foron xurdindo segundo ía avanzando a obra.

“Atmosfera de mencer, do escuro xorden raios de luz, canto dos paxaros, penumbra, Elías espreita e entra pola porta xiratoria...”

Aínda se che acorda a música das laranxas...



● Debuxa o personaxe que máis che gustou, que máis che sorprendeu...



Autor/a..... desde a butaca.....na fila.....



● Coma se fose unha película... Disque así é como se lembran as historias. E ben parecidas ás películas son os cómics. Pechade os ollos, lembre as escenas de *As laranxas máis laranxas...* e elabore un cómic sobre a mesma. Teredes que facer un guión, repartindo as escenas. Poñede atención ao inicio, á presentación dos personaxes. Elixide logo o máis impactante, o máis divertido... pero coidade de que ao remate, quen lea o cómic poida entender a historia e chegar ao seu final: será a vosa visión da brincadeira das laranxas.



Todo o bloque de actividades esixe a recuperación das sensacións e lembranzas do que viviron. Farase previamente, mediante conversa moderada polo/a profesor/a e dirixida a facilitar a expresión do que cadaquén viu ou sentiu durante o espectáculo. Poderán dar a súa opinión sobre a montaxe da obra, os personaxes, o final da historia... A este fin, sería bo estar atentos á reseña teatral que se poida publicar para comentala co grupo posteriormente.



Antes de iniciar este traballo, analizade a información da entrada ou do folleto que tedes. En calquera caso, gardade un exemplar tamén para incorporar ao traballo colectivo: trátase de facer unha recompilación de todo o que vaiades elaborando, deseñando previamente un soporte que vos guste (pode ser un libríño, un cartel, un pequeno boletín, unha páxina web, unha presentación en *power point* ... que despois podedes dar a coñecer a outros centros, e incluso, establecer un intercambio con outros grupos que tamén fosen ver *As laranxas máis laranxas*...



● Lembrade os xogos de luces e sons da representación que vistes. Imaxinade outras situacións que se poidan reproducir, xogando cos elementos que tedes na clase (persianas, focos, teas, instrumentos musicais, cunchas, mobiliario...) e intentade crear a ambientación precisa:

- Son e luces para unha de piratas...
- Luces e son para o interior dunha cova na que dorme un dragón...



A partir da recuperación da información obtida durante a obra, pódense propor un bo número de actividades de escritura creativa, atendendo principalmente á orixinalidade, á funcionalidade e á tipoloxía dos textos: cartas, listados, poemas, correos electrónicos, mensaxes de móbil, noticias para o xornal, anuncios por palabras, reseñas, informes, crónicas, crítica teatral... Unha vez elixida a proposta, cómpre aportar ao grupo, en función do que se teña ou non traballado, unhas indicacións para realizaren estes textos.




Deseñando publicidade...

● Por parellas, inventade un anuncio publicitario, unha cuña radiofónica ou televisiva, para promocionar a obra *As laranxas máis laranxas*... Facede unha posta en común para coñecelas todas e elixide as máis musicais para empregar en actividades que se van propor máis adiante.

Papel, lapis, teclado...



- Seguro que se vos ocorren moitas cousas para escribir agora...
 - Unha carta a un dos personaxes da obra contándolle a vosa impresión sobre o espectáculo.
 - Un correo electrónico ao director, informándolle do que máis vos gustou e porqué.
 - Unha noticia para o xornal da escola sobre a vosa visita ao teatro.
 - Un anuncio por palabras, na procura dun bo contador de historias para abrir fontes, traer a primavera...
 - Unha mensaxe ao móbil de Anxa, anunciándolle o nacemento de máis laranxas máxicas na súa horta.
 - Un listado de instrumentos musicais que aparecen na obra, ou de cores que se ven...
 - Unha reseña para a revista escolar sobre a obra *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.
 - Un manual de instrucións para estonar unha laranxa sen facer anacos a monda.



De cartolinas e bambolinas





Partindo da montaxe do teatriño, as propostas sucédense arredor do espazo escénico, a experimentación coas sombras e as súas posibilidades no xogo dramático. Isto último verase favorecido pola solución escénica deseñada para a representación.



“Quizá la sombra es el único títere que ya traemos puesto cuando venimos al mundo”

Títeres y titiriteros (P. Paricio/ P. Amorós)

De cartolinas e bambolinas



Anxa, Elías, os veciños... xorden das letras que lle poñen nome a cada personaxe. Logo, enriba do escenario, nacen, respiran e collen corpo nas persoas que veñen e van nese carrusel de luces e sombras.

Anxa, Elías, os veciños.... son letra, carne, corpo, sombra. Mesmo, se nós queremos, poden ser cartón. Siluetas nun teatriño. Títeres para inventar de novo un baile das laranxas en miniatura.



- Montade o teatriño seguindo as instrucións. Pensádeo ben antes de lle meter a tesoir, afinade o pulso, respirade fondo tres veces e... triqui-triqui-triqui-trá... ¡onde vas! ¡Ai, ai, ai, coidado que non caia!

Montaxe teatriño





Nestas actividades de xogo exploratorio coas figuras do teatriño, é importante que o grupo teña liberdade para improvisar sen ter que cingirse a un texto preestablecido. Esta primeira toma de contacto cos personaxes-títere pode abrir novos camiños de acción arredor das laranxas.

Unha posibilidade é o traballo por grupos organizando a sesión de maneira que o resto dos nenos fagan de público. Despois de cada pase, debe facilitarse o intercambio de opinións sobre o visto en escena. O grupo que vén de actuar recibe así, de forma inmediata, as impresións dun público moi cercano e esixente. O adulto que estea coordinando a sesión ten, neste caso, unha clara función de observador. O ideal sería poder gravar esta experiencia.



Para realizar esta actividade, empregarase a lámina coas siluetas que inicia o bloque.



VOZ: *Miñas donas, meus señores, nenos e nenas, pequenos e maiores, veñan, veñan todos que o que aquí se conta non ten volta, nin dereito nin revés, nin trampa nin cartón. ¿Cartón? ¿Dixen cartón? Si, digo cartón, telón, cartolina, escenario, bambolinas... ¡hui, bambolinas, que cousa bonita! ¡quen puidese calzar unhas bambolinas...!*

ANXA: (Co seu traxe de silueta no teatriño) *Calarás algún día...*

VOZ: (Ofendida) *Si señora, agora mesmo, punto en boca, chitón. A ver como te apañas ti soa con todo este público sedento de laranxas.*

¡Hui! Parece que Anxa precisa axuda para manexarse no teatriño. Podedes ensaiar un pouco, máis que nada para ter acordo nas entradas e saídas dos personaxes. Anxa, Elías, os veciños... todos teñen moito que dicir, todo canto vós queirades.




De formas e sombras deformables

Non é noite mais nós podemos facer o escuro fechando contras, baixando persianas, apagando luces. Non hai sol baixo teito para pintarnos a sombra no chan, pero nós podemos prender un foco de luz. Acender unha candeia e andar arredor nun baile primitivo e intentar pisar a sombra e facela grande coma un mundo ou pequena coma un ratiño do campo.



Se fose posible sería moi útil que os recursos para este obradoiro de sombras ficasen nun espazo propio, reservado para que os membros do grupo puidesen experimentar e investigar eles mesmos aspectos coma o traballo coa forma, co tamaño, co movemento... De ser así, probablemente descubran sen moita dificultade a importancia do disfrace, a necesidade de engadir elementos na caracterización ou cuestións coma a relación do tamaño da sombra coa distancia do foco de luz que, de certo, só coa práctica e a experimentación intensiva ten sentido propoñer no traballo cos nenos.



● Facede agora, expertos cazadores de sombras, un tendal. Unha corda ben tensa e unha saba branca dan para facer unha sinxela pantalla; atrás dela, un punto de luz –pode ser un proxector de diapositivas– e con isto e pouco máis pode comezar o desfile de corpos. As vosas sombras son agora as protagonistas. ¿Quen é quen? ¿Quen será esta que anda ás agachadas? Esas mans son... fauces, fauces dun león, ¡qué lambón! HUUMM, vén de moi lonxe estoutra figura e igual que chega ata o negro máis escuro, marcha para se perder no gris do fondo. Se cadra é un aparecido...

● Un chisco máis difícil. Algunha desas vosas coletas son inconfundibles e eses peiteados de “pelopincho” levan o voso nome e apelido escrito na sombra. Hai que camuflarse. Agrupádevos por parellas para marcarvos o perfil da cara sobre papel; pensade logo nalgún complemento que poidades engadir para modificalo. Discreción. Se vos escoitan os compañeiros, chafouse o invento. ¿Todo listo? Pois volta coa pantalla, desta vez non vai haber quen atine co auténtico propietario da sombra.

● Anxa, Elías, os veciños... eles tamén poden ser sombras pero teredes que fabricarles unha pantalla a medida, acorde co seu tamaño de siluetas dun teatriño. Pode ser unha caixa coa pantalla de papel vexetal situada na fiestra pero non esquezades retirar o cartón da parte de atrás para que entre a luz. Será un teatro de sol e sombras e alguén terá que facer as laranxas. Anxa, Elías, os veciños... eles xa existen co cartón pero teredes que ensinalles a manexarse nese mundo de sombras. Non teñen nin idea de cómo entrar e saír.





O xogo que se pode establecer entre o nome da protagonista e o título da obra dará paso ao tratamento destas cuestión: a idea de camuflaxe, os xogos lingüísticos, a maquillaxe, o texto dramático e a maxia dos contos.



Para os máis pequenos será bo ofrecer ademais da ilustración e o enigma un apoio gráfico como, por exemplo, letras magnéticas que permitan construír o título para despois xogar a desmóntalo e poder atopar a Anxa.

Xogando ás agachadas



As laranxas máis laranxas de todas as laranxas agochan moitas sorpresas. Repare no título, estonade as laranxas, espreme un zume de letras e bebédeo cos ollos moi atentos. Hai un nome de catro letras camuflado en cada peza de froita, hai unha moza enmascarada en cada unha desas laranxas.

¿Quen a desenmascarará?

O desenmascarador que a desenmascare

Bo desenmascarador será.



Anxa xoga ás agachadas no título da obra *As laranxas máis laranxas...*

- ¿Coñeces outras palabras nas que Anxa se poida ocultar?
- ¿En qué palabras se podería agochar cada un dos nenos e nenas do grupo? (Inés/Minessotta; Ana/banana; Fran/refrán...)
- Un xogo de palabras encadeadas: cada grupo escribe unha palabra nunha tarxeta e pásalla ao grupo do lado, que deberá atopar outra palabra, cambiando unha sola letra, até que sexa imposible continuar a roda (Elías-alías-aliar-altar-latar, matar...)



Empregar cores e papel para realizar estas actividades, mellor en grupos de tres. Expor os resultados nunha posta en común; incluír este traballo no material colectivo que estades a preparar.



A partir deste breve diálogo de Anxa e Elías, propónse un taller de maquillaxe, que se adaptará ao nivel do grupo. Na presentación da actividade, farase fincapé no papel da maquillaxe, nos elementos que se empregan actualmente e nos que se empregaron na antigüidade, na función da maquillaxe nos diversos ámbitos, desde o persoal e íntimo ao público e social, nas diferenzas entre as diversas culturas, etc., con maior ou menor profundidade en función da idade. Introducíranse elementos que eviten os estereotipos, informando do papel da maquillaxe en culturas, como a exipcia, a india ou as diversas culturas aboríxenes onde tanto homes como mulleres empregan esta técnica con diversas funcións.



Este obradoiro de maquillaxe inspirado en Anxa e na atinada resposta que lle dá Elías, está pensando para traballar por parellas. Convén realizar primeiro bocetos sobre papel usando xa as barras ou botes de maquillaxe, experimentando mesturas, para, logo de ter o deseño, poñer en práctica as caracterizacións inventadas. Haberá un pequeno pase para presentar os traballos que sería perfecto completar cunha sesión de fotos. As fotografías tomadas pasarán a formar parte do traballo colectivo.

Unha mesa de maquillaxe no camerino

ELÍAS

Son cor de todas as laranxas.

ANXA

¿E ti sabes de que cor son todas as laranxas?

ELÍAS

Da cor de pel da túa cara.



- Para ser ANXA, hai que ter laranxas nas meixelas e saber facer comedia. Para ser ANXA, hai que poñer na boca cor de palabras máxicas e todo o sabor dos contos.



- Para ser ELÍAS, hai que levar o sono pintado nos ollos e manchas dun estourido de laranxa nos fuciños. Para ser Elías, hai que ter catro pelos sen barbear e non se pode lavar.

Elías, Anxa, dúas medias laranxas que fan a laranxa enteira. Para este xogo de pintarvos precisades ser parella.



- Desde moi antigo, en todos os pobos e en todas as culturas, a maquillaxe empregouse para salientar, protexer, enmascarar, simbolizar, embelecer, camuflar, imitar... No teatro, a maquillaxe é un elemento fundamental para a caracterización dos personaxes. Elaborade o guión para un pequeno traballo documental, buscando información sobre a historia da maquillaxe (orixe, función, materiais empregados...) e incluíde o traballo, unha vez elaborado, no material colectivo.



Traballarse coa escena 2 (texto da adaptación de José Caldas) para revisar o formato do texto dramático. Poner en práctica as indicacións desa acoutación inicial, xogar co xesto, é un primeiro paso que revela a necesidade dos diálogos e, ao mesmo tempo, pon de manifesto nesas mil maneiras de realizar unha mesma acción, a importancia do repertorio xestual.



Cos pequenos pódese usar o mesmo fragmento ampliando o texto o máis posible para ir despeizando a escena. Logo de provocar un xogo de estimación con preguntas sinxelas coma “onde credes que fala Anxa? –ídem para Elías–”, os nenos irán localizando facilmente as intervencións de un e outro personaxe. Dez intervencións que, recortadas en tiras, irán gardando os nenos: uns terán “palabras de Anxa” e outros “palabras de Elías”. Sobre unha copia da mesma escena irán entre todos, coa axuda do adulto, montando de novo a escena. Seguro que algún membro do grupo reparará nas acoutacións que aínda permanecen sen recortar. ¿Qué serán estas, palabras de Anxa ou palabras de Elías?...
A proposta de facer teatro lido, que se verá noutros apartados da unidade, pode levarse a cabo con distintas finalidades, ás que se axustará a cantidade de texto empregado, os recursos a utilizar, etc.

Entre parénteses

“(Aparece na porta Anxa, que ten a cara cor de todas as laranxas... Elías sinala as laranxas co dedo, dende lonxe.)”



Ben, fagámolo. Fagámolo de mil maneiras. Apareza Anxa na porta co aquel que ela considere, cunha man na cintura, amañando o vestido ou cun chimpó súpeto de apuro e moita présa. Se hai que sinalar como está mandado, que apunte Elías co dedo ben alto, con xesto de estatua e recuando, marchando do revés até bater quen sabe con que cousa... Se cadra Anxa asubía sorprendida e Elías contesta cun canto de paxaro pero precisamos as palabras que virán despois. Miñas donas, meus señores, escena 2.



Teatro lido: Sinalade no texto da escena 2 as intervencións de Anxa, Elías e as acoutacións, empregando diferentes cores. Hai dous personaxes e dous momentos nos que é preciso facer efectos especiais. Formade grupos de catro: un membro realizará as funcións de dirección, outro encargarse dos efectos e o resto, dos personaxes. De seguro que no remate da sesión haberá versións con moitos matices diferentes.



A proposta é presentar, logo da
búsqueda de “contos para...”
na biblioteca, *A galiña azul* e

*As laranxas máis laranxas de todas as
laranxas*. Será interesante comprobar con
nenos cómo a adaptación de José Cal-
das recolle estes dous textos de Casares,
cómo está integrado o conto na peza de
teatro, cal era a historia que ocupaba
este lugar na peza orixinal... Probable-
mente tanto maiores coma pequenos
ficarán sorprendidos só con atopar estes
libros na biblioteca, os libros nos que está
baseada a función que puideron ver. Se
o tempo o permite, pode completarse a
sesión buscando outros libros para teatro.
Nesta búsqueda poden participar tamén
os pequenos porque son textos facilmen-
te recoñecibles polo formato. Igual que
hai contos para abrir fontes, hai libros
que gardan historias para teatro e se os
abres....



Contos son contos

ANXA

Meu oviño querido, queres que che conte un conto?

O OVO

Quero

ANXA

¿O conto da galiña azul?

🍌 ¡Ah, Anxa nunca lembra cal é o conto de abrir os ovos e cal o de abrir as fontes! Mais sabe que os contos teñen palabras máxicas e poderosas, sabe que hai contos para atopar tesouros, contos para namorar, que hai un conto para durmir un crocodilo e outro para espertar dragóns milenarios... se buscades na biblioteca seguro que por alí, pertiño de *A galiña azul*, están todos eses contos.

🍌 ¡Ábrete Sésamo! Aínda que todas as palabras son un pouco máxicas, nos contos hai palabras “con poderes”. Revisade todos os contos que coñeces buscando palabras máxicas, esas que non se poden dicir en calquera sitio, que hai que ter moito coidado ao pronuncialas porque poden espertar ao dragón, facer subir á alfombra ou abrir a cova do tesouro.



A partir desta actividade se se considera oportuno, pode propoñerse a invención de contos.

Será bo lembrar os elementos básicos dunha narración e apoiar cunha estratexia de escritura creativa.



De conxuros e encantamentos... Non é o mesmo abrir laranxas que abrir fontes, non é o mesmo durmir ao príncipe que espertar á princesa, non é o mesmo ter variña máxica que anel de desaparecer. Cos conxuros e as fórmulas de encantamento hai que andar con coidado. ¡Ollo! Escollede as palabras entre as máis fermosas, entre as máis terribles, entre as máis noxentas... e inventade fórmulas para que se cumpra un dos vosos desexos.



No tempo en que os animais falaban... eu que estaba alí, vino, e andei até aquí para contalo. Preguntade na casa ou buscade na bilbioteca, fórmulas para entrar e saír dos contos. Non valen chuletas, mellor aprendelas de memoria, para cando vos vexades nun apuro.



Ventana sobre la palabra (I):

“Los cuentacuentos, los cuentacuentos, sólo pueden contar mientras la nieve cae. Así manda la tradición. Los indios del norte de América tienen mucho cuidado con este asunto de los cuentos. Dicen que cuando los cuentos suenan, las plantas no se ocupan de crecer y los pájaros olvidan la comida de sus hijos”.



Ventana sobre la palabra (II):


“En Haití, no se puede contar cuentos durante el día. Quien cuenta de día, merece la desgracia: la montaña le arrojará una pedrada a la cabeza, su madre sólo podrá caminar en cuatro patas. Los cuentos se cuentan en la noche, porque en la noche vive lo sagrado, y quien sabe contar cuenta sabiendo que el nombre es la cosa que el nombre nombra”.

Las palabras andantes (Eduardo Galeano)



ão são das laranxas





Un, dous, tres...

*Canta a fontiña
canta a fontela
e anque a canción é dela
ten unha cousa miña
pola que podo entendela.*

Os Eidos. Uxío Novoneyra



A presenza, na obra da música e de diversos instrumentos musicais (os máis doados de reproducir ou ter na escola), permitirá introducir unha serie actividades dirixidas a experimentar coas posibilidades da voz e do corpo para facer música, e tamén dirixidas á creación de sinxelos xoguetes sonoros e á incorporación da música e o canto na vida cotiá, como unha forma máis de enriquecer a nosa expresión.

Canta a fontiña, canta a fontela, todo canta na natureza... até as laranxas cantan, só hai que estar atentos e escoitar. ¿Escoitaches alguna vez o mar, o vento entre as follas, as piñas que teñen sede? ¿Escoitaches as fontes e os regatos? Cantan e cantan secretos de auga e aire, e o silencio conta secretos de lume nos días de calor.



🍊 Cántalle aos compañeiros cal é o son que máis che gusta escoitar, que o produce, cando o escoitaches por primeira vez, que che fai sentir...



Tamén o podes poñer por escrito e xuntalo ao traballo colectivo que estades a facer.



- Ás veces, por facer música, xogamos co corpo. Probade a ver qué pasa: coas mans, cos dedos, coa boca, cos pés, batendo, rozando... Temos un corpo musical por descubrir.



Xogade a inventar ritmos coas palmas das mans, triscando os dedos, batendo coas mans nos xeonllos, batendo cos pés nun chan de madeira... Un pode facer de solista e o grupo contestarlle co mesmo ritmo... ou facer dous grupos e xogar do mesmo xeito: un grupo inventa unha sucesión de sons, e o outro ten que repetilo.



- E xogando, xogando... mesmo podemos bater palmas nun caldeiro con auga, probando a producir sons de diferentes formas.



- *Concerto para vidro, auga e culleriña*: podedes usar botellas ou vasos que tedes que encher con auga a diferentes niveis. Petando coa culleriña, iredes afinando na colocación dos recipientes e, cando estea todo disposto, podedes empezar o concerto.



- As laranxas tiñan dentro moitas sorpresas, algunhas musicais... Os *cazús* son pequenos instrumentos que poden facerse cun anaco de cana. Haille que facer un buraco no medio e, nun dos extremos poñer o máis tensado posible, coa axuda dunha goma ou cordeliño, unha folla de papel de fumar ou un anaco de plástico fino que fará as veces de membrana. Para facelo soar cómpre cantar ou falar a través do buraco, o que fará vibrar a membrana e producirá un son moi característico.



Podedes seguir os pasos para a construción do “cazú” que aparecen ao inicio deste bloque.



• Outra forma de construír unha sorte de “cazú”:

- Un peite
- Unha folla de papel de fumar (ou de poñer os rizos)



Cómpre coller o peite e a folla de papel finiña, suxeitándoa contra as púas do peite, e cantar ou falar soprando a través dela para producir o son desexado. Seguro que *á de tres* xa vos sae...



- Agora que xa dominades o “cazú peiteado”... podedes facer o coro de veciños:
*“Quen disparou por aquí? Disparou quen por aquí. Por aquí quen disparou?
Aquí por disparou quen? Quen? Quen? Quen?”*



- Feitos os ensaios oportunos, xa estades preparados para exercer de pregoeiros e anunciar a representación de *As laranxas máis laranxas...*, a celebración dunha carreira de sacos, dun torneo de ping-pong, das festas do verán...



É o momento de recuperar os anuncios musicais que se fixeron no bloque 1



- Ben seguro que coñecedes moitos instrumentos musicais: elaborade un listado, agrupándoos en familias segundo sexan instrumentos de vento, corda, percusión...



- ¿Unha visita guiada á aula de música? Imaxinade que recibides a visita do “veciño da escopeta” e querédeslle ensinar os instrumentos musicais que alí hai. Cómpre planificar a forma de presentarllos, a definición de cada un dos instrumentos e algunha información adicional: orixe, grupo ao que pertence, tipo de música no que máis se utiliza...



A canción popular galego-portuguesa, *A laranxa fai á fonte*, (accesibles as versións de Leilía ou de Uxía, entre outras) pode servir, unha vez escoitada e aprendida, como base para algunha das actividades que se propoñen.



Formade grupos, elixide o instrumento que máis vos gusta e preparade a súa presentación. Pedídelles axuda ao profesor/a de Música e escenificade a “visita guiada”. Non esquezades facer soas os instrumentos... deixádeos falar...


*A laranxa foi á fonte
E o limón foi atrás dela (bis)
A laranxa trouxo a ola
E o limón trouxo a panela (bis)*

*E a ruliña que non merendou
Caeu no lanço e ela alá ficou.
Dame un abrazo –cousa que non faço–
Dame un beixiño –cousa que non dou–*

*A laranxa foi á fonte
E o limón foi atrás dela (bis)
A laranxa bebeu auga
E o limón ficou sen ela. (bis)*

*E a ruliña que non merendou
Caeu no lanço e ela alá ficou.
Dame un abrazo –cousa que non faço–
Dame un beixiño –cousa que non dou–*

...





Nai que saber caer





Unha baralla de cartas cos personaxes da obra servirá para introducir unha serie de actividades e traballar con elas a caracterización: o xesto, a voz e o vestiario.

Hai que saber caer

Un castelo de naipes sempre cae co peso da última peza. Pode ser que, en casos excepcionais, aguante en pé durante dez ou quince segundos pero logo derrubárase irremediabilmente. Mais os naipes veñen abaixo cunha elegancia especial, fican espaxados formando estrelas ou ringleiras ou molotes de diferentes cores que agardan para se poñer en pé unha e outra vez. Os naipes saben caer...



🍌 Neste xogo de baralla de laranxas, hai que saber caer. Facede unha práctica de equilibrio construíndo un castelo de naipes. Veciño Gordo, Veciña da Escopeta, Veciña Sabida, Veciña Desdentada, Anxa, Elías... todos virán abaixo co estouro dunha laranxa e ficarán na mesa cadaquén co seu aquel particular. O Veciño Gordo cun desmaio de pallaso, o Veciño da Escopeta con autoridade, a Veciña Sabida disimulando, a Veciña Desdentada opinando, Anxa coa seguridade dunha trapecista e Elías... pois, home, Elías caerá con sentidiño.



Para realizaren esta actividade, previamente recortarán as cartas da baralla incluídas na unidade. Trátase dun exercicio a medio camiño entre a expresión corporal e a caracterización dos personaxes da peza. O mediador coidará de que o xogo transcorra con tranquilidade e atendendo ao fin que se propón.

🍌 ¿Estades preparados? Lembraide, moi importante, hai que caer con distinción e, por suposto, sen lesións. Ben, a baralla nunha bolsa, ollos pechados, esas mans inocentes a coller unha carta e a ver qué personaxe vos toca nesta tómbola das laranxas. *Organização*; todos en fila que vén o estouro de confeti laranxeiro. ¡BUUM! *Grande confusão*.



Esta experiencia, tomada na súa totalidade, sería unha ocasión para traballar cos rapaces, do segundo grupo especialmente, a linguaxe e os recursos dos multimedia.

En todos estes xogos de improvisación sobre o movemento escénico e o repertorio xestual de cada un dos personaxes debe intentarse a creación dun clima que favoreza a desinhibición do grupo. Quizais conveña facer un breve “quecemento” –o coñecido “xogo das estatuas” poder resultar ben para este fin– para logo propoñer situacións sinxelas como as descritas nas actividades ou outras que xurdan arredor do visto na función. Desenvolver as improvisacións por grupos posibilitará despois un interesante intercambio de opinións entre os nenos. Por certo, todos sabemos que haberá nenos e nenas que só quederán ser espectadores neste tipo de sesións. Normalmente son grandes observadores que un día, sen que ninguén insista o máis mínimo, deciden tomar parte activa para ver as cousas tamén desde o outro lado.



● Agora que xa sabedes caer é o momento de aprender a bater coas portas e levar croques ou potes de mentira como fan os pallasos no circo. A porta será un lugar imaxinario, por exemplo, un espazo baleiro entre dúas cadeiras. Esa porta que Elías sempre esquece arranxar dá para moitas voltas, entradas e saídas, saúdos e despedidas.

- *¡Bo día!... PAF, disque o Veciño Gordo ten unha boa colección de croques.*
- *Bo día... ¡hui!, seica a Veciña Sabida non levou nin o primeiro, ela é experta en reverencias moi relambidas.*



Gravade este repertorio de caídas e desencontros.

¿Que tal se probades a pasalo a cámara lenta ou a toda velocidade ou sen volume? Estas imaxes cómicas non as podedes perder e son un material estupendo para montar a vosa película de cine mudo. ¡Ah! teredes que estudar primeiro aos grandes mestres. Revisade a Buster Keaton en *O maquinista da Xeneral* e en *A quimera do ouro* non perdades de vista a Charlot, sobre todo nas escenas da cabana.



● Do teatro ao circo: investigada e a conexión que pode haber entre os *zanni* de Comedia da Arte e os *clowns*. Aquí fican en cursiva as palabras claves para co-
mezar unha busca en internet. Se cadra atopades logo puntos en común con algún dos personaxes de *As laranxas...*

Quero tortilla, quero laranxas



- Inflade globos amarelos e laranxas. Son ovos, son tortillas, son... laranxas. Pendurados con fíos do teito son *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. E vós, todos xuntos, sodes o vento. Un vento de voces que téñen que facer bailar os globos.



- O Veciño Gordo, Toneladitas, pide tortilla unha e outra vez; unha tortilla que todos os personaxes da baralla queren probar. Aclarade a gorxa porque para este coro de voces precisades afinar. Repartidas as tarxetas teredes que pedir tortilla, cada quen co ton de voz que corresponda. Será bo elixir unha persoa para dirixir este coro famento non sexa que a Veciña Sabida decida, nunha arroutada de voz solista, explicar se foi primeiro o ovo ou a galiña.



- Elixide agora o personaxe que máis vos guste e practicade voces coas figuras do teatriño. Podedes falar baixiño, moi alto, con decisión, con timidez, con asombro, con sorpresa... e, por pedir que non sexa: *quero tortilla, quero laranxas, quero toromelos...*





Traballar coa voz, facer exercicios de proxección, xogar á camuflaxe, á voz finxida, ter a oportunidade de oír a propia voz nunha gravación... e ter, seguro, dificultades para se recoñecer nese son que o reprodutor devolve estraño e alleo, son experiencias interesantes para calquera idade. Mesmo resultará interesante que o lector adulto se implique directamente nas actividades propostas.



- Repartide as escenas de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Haberá grupos de dous, tres ou de máis persoas dependendo do número de personaxes que interveñen na escena. Preparádea ben, lendo varias veces, poñendo atención no que está a acontecer no voso fragmento e nas indicacións que aparecen entre paréntese. Cando esteades preparados, avisade aos compañeiros para facer unha sesión de teatro lido. Grave esta sesión e veredes, mellor dito, oiredes cómo resultan Anxa, Elías e compañía, saídos das vosas cordas vocais.

🕒 baúl dos disfraces



- ¿Tedes, non si? Ben, se a resposta é negativa non se alarmen. Se aínda non tedes baúl dos disfraces é importante que saibades que é unha cousa moi fácil de conseguir. Tranquilos que non fai falta mapa, aquí non hai cofre do tesouro que isto non é asunto de piratas. Precisades un baúl ou caixa resistente no que caiban diferentes complementos para se disfrazar, mesmo podedes meter unha pata de pao e un pendente de pirata. Mais nesta ocasión para inaugurar o baúl podedes traer cousiñas de pallasos.



Na zona do baúl dos disfraces debe haber un espello. O resto será invención do grupo que, ao longo do tempo, irá deseñando un recuncho adaptado ás diferentes actividades que se vaian desenvolvendo.

- ¿Lembrades as roupas de Anxa, Elías e compañía? É un vestiario preparado especialmente para esta ocasión, para ese decorado un pouco circense que vistes na función. Pero, ¿que pasaría se cambiase o marco? ¿Que roupas serían as que levasen estes mesmos personaxes nun escenario futurista doutro planeta? Deseñade os figurinos para esta ou outra posibilidade que se vos ocorra.





A presenza dun peliqueiro no espectáculo vai dar pé ao tratamento da máscara no teatro e no xogo dramático, no noso Entroido, nos rituais relixiosos e profanos das diversas culturas. O nivel de profundidade virá dado, coma en todas as propostas, pola idade e posibilidades do grupo ao que se dirixen.

Os peliqueiros ou cigarróns, das vilas ourensás de Laza e Verín, van “vestidos con camisa branca e corbata fina, chaquetiña curta profusamente adornada, polainas curtas que lembran as vellas enaguas e medias, levan a cara cuberta cunha carauta de madeira que forma corpo cun amplo sombreiro, a xeito de bicornio, rematado na parte posterior cunha pelica de animal. Un elemento propio destes enmascarados son as chocas que portan ao cinto, que fan soar mediante unha especial cadencia de paso. O peliqueiro está privado do uso da palabra mentres desempeña o seu rol, limitándose a percorrer as rúas e golpear á xente cunha especie de fusta...”


Guía de festas populares de Galicia.

Xosé Manuel González Reboredo



No peliqueiro destaca a carauta de madeira, o gorro de lata que pode levar representado ao sol, a lúa ou a animais, e o cinto do que penduran os esquilóns ou chocallos.

De pelicas e peliqueiros...



● Recorta as pezas do peliqueiro e vísteo. Coida de poñerlle ben todas as partes do traxe.



Pódese aproveitar a motivación deste traballo para preparar máscaras, ben para unha representación teatral, ben para o Entroido. Segundo a intención da proposta faranse máscaras enteiras ou máscaras de media cara. Proponemos a técnica do papel encolado, que se pode utilizar tamén para títeres, bonecos, cabezudos, etc.



- Os peliqueiros debuxan nos seus gorros, con frecuencia, un animal. Elixe o animal no que che gustaría converterte, ao que che gustaría parecerse, e deseña a túa máscara de peliqueiro.



Para tapar a cara

- Se queres tapar a cara cunha máscara, podes facela ti mesmo. Repara nas instrucións para facer unha carouta de pasta de papel:
1. Cortar, en tiras ou anacos non moi grandes, uns xornais vellos.
 2. Preparar a cola nun recipiente, cun produto axeitado para empapelar paredes, seguindo as instrucións indicadas no envase. Botar os anacos de papel para que se empapen ben.
 3. Inflar un globo ao tamaño aproximado dunha cara.
 4. Cubrir a metade do globo con tiras de papel encolado, primeiro grandes e logo máis pequenas, facéndolle os trazos da cara. Deixar sitio para os ollos e a boca. Hai que botarlle varias capas para que quede consistente.
 5. Deixalo secar.
 6. Canto estea seco, retirar o globo, rematar a máscara polas beiras cunha tesoir se é preciso, e pintala.




*Eu no entroido
teño medo
deste felo
cigarrón,
vai choutando
polas rúas
as súas chocas fan ¡tolón!*

*Pero góstame
o entroido
polos grelos
e o lacón,
a cachucha,
os chourizos.
o entrecosto
e os rixóns.*

*Faceremos
as caroutas,
troulearemos
a cachón,
pediremos
polas portas
filloas,
chulas,
roscón...*

Ana M.^a Fernández



Un pouco de historia...

- Investigade o uso da máscara ao longo da historia do teatro. Podedes empregar distintas fontes de información: persoas coñecedoras do mundo teatral, enciclopedias temáticas, dicionarios enciclopédicos, libros de historia do teatro, internet... Coa información recollida, elaborade un mural ou unha pequena reportaxe para o voso traballo colectivo.



De brinquedos e brincadeiras






A porta xiratoira integra o xogo escénico dos personaxes que entran e saen nun vaivén rexido por esa estética de muíño do vento. Construír tarabelas, cataventos e papa-ventos pode dar moito xogo no grupo e, ao mesmo tempo, axudar a comprender o porqué da presenza deste elemento fundamental na escenografía. Proponse a investigación no contorno próximo coa clara intención de recuperar o xeito tradicional destes xoguetes, metodoloxía que se pode complementar coa consulta bibliográfica.

Ninguén sabe cal foi o primeiro xoguete do mundo pero, nalgún lugar, hai unha cuncha fosilizada tallada polas augas prehistóricas. Ficou alí soterrada no seu ventre de terra e arxila.

Houbo alguén, un meniño, unha meniña, que un día gardou o xoguete de cuncha no seu agocho dos segredos. Mellor non o buscar e deixalo estar alí na súa paz milenaria.

Estas son historias que conta o borboriño do vento nas follas das árbores. Falares de xogos e xoguetes que podemos traducir coa axuda dunha tarabela.

Beber os ventos





- Preguntade na casa –seguro que alguén sabe como facer unha tarabela– e trae- de as instrucións. Fabricade cada un aquela que máis vos guste, coas cores que vós queirades, e saíde. Fóra, a ceo aberto, orientade a tarabela até conseguir que xiren as súas aspas. Recibiredes noticias do vento da selva e o recendo sal- gado do vento mareiro. O vento non ten fronteiras.



Ao tempo que recolledes información sobre o xeito de construír a tarabela, elaborade un listado dos distintos nomes que ides escoitando para este xoguete. Toda esa información formará parte do voso traballo colectivo.



- Papaventos e cataventos. Investigade: hai modelos moi sinxelos que podedes facer vós mesmos. Mercade papel de seda ou plástico de cores, variñas de ma- deira, pegamento, fío de atar os chourizos... non, iso non, vento non hai nas tendas. Teredes que estar atentos, esculcar nas follas das árbores e mirar no cataventos; nunca se sabe cando vai vir un refacho poderoso para poder botar os papaventos. Se cadra tedes que abandonar un caderno de matemáticas e saír voando...



O chan, a pista circular dese mundo das laranxas no que os xoguetes teñen papel tan princi- pal, dará pé para introducir este pequeno repaso por xogos tradicionais.

Xogar na terra

¿Onde irá xa a galiña azul guiada por aquel pau de xoguete? Andará polo mundo adiante e deixará marcas na terra, esas pegadas que logo borra a choiva nun tris-trás.



● Seguro que coñecedes moitos xogos para facer nos camiños de terra. A ver, unha pista: “Polo San Martiño, trompos ao camiño”. Traede trompos e buxainas e organizade un campionato. Se non os sabedes bailar podeades convidar a alguén da vosa familia para que vos ensine. Practicade un pouco e, en menos tempo do que canta un galo, estaredes todos pintando círculos no chan.



● Falando de círculos e redondeces, tamén están as bólas. Non deixedes escapar eses “profes” de trompos porque tamén saben moito de xogos de bólas. Deberíades gravar unha destas clases de luxo para poder repasa-la unha e outra vez.



● Vai de roda: aquela era a galiña azul e vós podeades facer o xogo da pita cega. ¿Quen apanda?



- *Pita cega, ¿onde vas?*
- *Pra Maceda.*
- *¿E que vas buscar?*
- *Cuncas e culleres.*
- *¿E pra quen?*
- *Pra homes e mulleres.*
- *Pois dá tres voltas e pilla a quen queiras menos a min.*



- Agora toca a pata coxa pero sen cararexar. O peletre, a mariola, a paturra... tamén se pinta no chan. Este xogo ten un nome en casa vila e mil formas para xogar.



Os avós e as avoas son excelentes “informantes”. Preguntádelle os xogos aos que xogaban de pequenos: nome, regras do xogo, obxectos para xogar, fórmulas ou recitados que acompañaban o xogo. Lembra de recoller todo nunha ficha axeitada que posteriormente integrades no voso traballo.



- E se un día chove alí, no voso chan, e tedes diante un charco, facede un barquiño de papel de xornal. Pousádeo na auga... o xogo está na viaxe.

Buscar o lume



- Para completar os catro elementos (aire, auga, terra, lume), só vos queda buscar como se chama e como se xoga un xogo tradicional dos máis comúns, no que hai lume, hai fume, hai un que apanda e outros que corren.



As ferramentas de cociña sobre as que está montado o xogo escénico e musical do bater de ovos, será o desencadeante para estas actividades.

Que vos aproveite

Hum... laranxas que falan e un ovo con moito conto: comida de risa. Para rirmos máis, trocaremos as laranxas por limóns.



Mousse de limón

Ingredientes:

- O zume dun limón
- 2 claras de ovo a punto de neve
- ¼ de nata líquida
- Unha cunca de queixo de untar
- 8 galletas tipo María
- 2 culleradas de leite
- Manteiga para untar
- 7 culleradas de azucre



Preparación:

- Bater as claras a punto de neve, engadir o azucre, o zume de limón, a nata e o queixo. Mesurar todo ben até que se forme unha crema.
- Facer unha pasta coas galletas e dúas culleradas de leite, axudándose dun garfo.
- Poñer a pasta nun molde antiaderente untado con manteiga e envorcar enriba a crema de limón.
- Deixar na neveira un mínimo de 12 horas.
- Desmoldar sobre un prato, deixando as galletas como base.
- Servede frío.



¿Tedes os ingredientes? ¿Todo listo? ¿Estades preparados? Pois, quietos, calma, non se apuren. Esta é unha receita moi especial e precisa algúns “exercicios” antes de meter as mans na masa.

- Os limóns queren facer malabares antes de se deixar espremer. Seica así sae o zume máis contento. Probade sen medo, un, dous, tres... Alá van!, tamén é bonito este rolar polo chan.
- Bater, bater e máis bater. Atención, moi importante, primeiro sen ovos e facendo música con pratos, garfos, batedores, cuncas e culleres.
- Unha vez mareados ingredientes e ferramentas, estades preparados para entrar en cociña. Repasade ben a receita e que vos aproveite.






Elías é quen ve por primeira vez as laranxas e desde a súa visión da vida intervén para poñer as cousas no seu sitio e, así, vai avanzando a obra. Elías é un pouco o fío condutor, pero poder ser máis.



Entre a variedade de formas presentes na tradición oral, hai un grupo moi particular, o das “mentiras”, doadas de traballar cos máis pequenos, e das que se presenta este exemplo. A parte de aprender algunha destas “coplas mentireiras”, tamén resulta moi gratificante para os nenos e nenas inventar as súas propias.



I é verdade i é mentira...



Para cantar e contar mentiras:

*O carballo dá laranxas,
o castiñeiro cereixas,
o pexegueiro da horta
Está cargado de ameixas.
(Cantiga popular)*

Elías ve laranxas no limoeiro e pensa que, despois de todo, *cousas máis raras se viron*. Elías vai e vén e sobe e baixa e entra e sae. Elías pon a pucha e saca a pucha. Elías vai lavarse e non se lava. Elías... ¿cantas cousas non fai Elías? ¿Cantas cousas deixa por facer? ¿E que cousas di Elías?

“A cada cousa polo seu nome.

¿Que che parece se lle chamo pardal ao teu zapato?”



Revisando o texto dramático, buscade as intervencións de Elías. Unha vez anotados os rasgos que vos parezan máis salientables, intentade unha descrición deste personaxe, en forma de retrato-robot de Elías.



- Cos parlamentos de Elías podedes facer unha especie de “caderno de personaxe”: o texto ocupará a metade da páxina, reservando a outra metade para anotacións sobre movemento, xesto, música...



- Imaxinade que sodes un equipo de televisión ou radio. Ídeslle facer unha entrevista a Elías para coñecer ben o que pasou na súa horta e para saber o que sentiu. Elaborade as preguntas para esa entrevista.



Posteriormente, podedes escenificar a entrevista. Unha persoa do grupo será o entrevistador e outra será Elías, que deberá contestar ás preguntas. Se tedes unha cámara de vídeo, podédela gravar.



As laranxas do día despois





Preténdese con este bloque de actividades que os rapaces e rapazas coñezan un pouco mellor ás persoas que traballan para que unha representación dramática ou calquera outro espectáculo, chegue aos espectadores... Aproveitarase a lámina inicial para unha lectura de imaxes e unha conversa intensiva sobre o labor de cada un dos traballadores.



1. **Autor/a:**

Alguén ten unha historia que quere contar e a escribe en forma de guión teatral ou adapta unha narración para poder representala.

2. **Escenografía:**

As persoas encargadas debuxan os decorados, pensan os mobles e outros elementos que fan falla e miran o xeito de colocalos na escena.

3. **Tremoia:**

Os tremoeiros, maquinistas ou encargados da tremoia son quen montan e moven o que diseña o escenógrafo: decorados, mobles...

4. **Vestuario:**

Hai persoas encargadas de deseñar os traxes para os personaxes, e hai persoas que os cosen.

5. **Produción:**

A persoa encargada da produción ten que procurar todas as cousas que se precisan para unha representación; tamén se encarga da publicidade, os carteis, as entradas, contratos de actuacións...

6. **Dirección:**

Da súa visión da obra vai depender o resultado final. Encárgase de supervisar a actividade de todos os integrantes da compañía para conseguir ese obxectivo.

7. **Luces:**

Unha persoa encárgase da iluminación, seguindo as ordes da dirección, para conseguir a atmosfera adecuada.

8. **Música e son:**

Alguén se encarga de poñer música ou realizar efectos especiais sonoros, cando fan falla. Ás veces, hai músicos tocando en directo.

Cadaquén no seu sitio...



- Para que poidamos ver unha obra de teatro, teñen que unir esforzos moitas persoas. Observade a lámina da páxina 61 e indicade que fai cadaquén nesa imaxe. Numerade cada un dos personaxes.



- ¿Que outras persoas traballarán para que vós poidades, ao final, ver a obra de teatro?

☉ día despois...



- Reunídevos en grupos de seis. Repartide os papeis: autor, directora, escenógrafo, actriz... Imaxinade unha pequena escena, que tería lugar "o día despois", no pobo de Anxa e Elías... e poñédevos a traballar para podela representar, facendo cadaquén o papel que lle corresponda. Preparádea ben. Logo, argallade o xeito de representala na clase, de forma rotatoria, para que poidades velas todas.



Facede algunha fotografía para o voso proxecto colectivo.



A Fundación Carlos Casares

Ninguén pon en dúbida que Carlos Casares foi e é un dos escritores verdadeiramente grandes de Galicia, unha desas figuras non moi abundantes e absolutamente necesarias, capaces de facer que outros espazos culturais volvan de cando en vez a súa ollada cara a nosa literatura para decatarse de que non todo é como o tópico ordena e de que países quizais arcaicos e pequenos coma o noso non están condenados a producir só prosa costumista e lirismo post-romántico.

Pero Casares, sen embargo, foi moito máis que un escritor. A el non lle gustaba nada considerarse como un intelectual, pero estou seguro de que non lle molestaría que o definísemos como un “home de letras” e, dende logo, como un cidadán comprometido e responsable, sempre atento, cunha mistura de preocupación dramática e curiosidade xovial, polo que ocorría en Galicia e no mundo, na cultura e na ciencia, na política e na vida, nos despachos e nas rúas.

Cando un grupo de amigos decidimos propoñerlle á familia de Carlos Casares a constitución dunha Fundación que levase o seu nome, xa sabiamos que unha entidade dese tipo non podería concentrarse de maneira única e repetitiva no Casares escritor e esquecer ao Casares que renovou o Consello da Cultura Galega, que modernizou unha esmorecente Editorial Galaxia, que participou en

mil foros e debates en Galicia e fóra de Galicia, que fixo amigos entre personalidades da literatura, a cultura e a política de medio mundo. Ese espírito casariano, tan fondamente galego como decididamente cosmopolita, tan atento ás últimas correntes literarias como aos novos descubrimentos da Física ou á marcha da política mundial, é o que a Fundación creada baixo os seus involuntarios auspicios quere continuar e transmitir.

Moitas veces, cando se fala e se escribe sobre Casares, destácase a súa dimensión de gran conversador. Manuel Rivas dicía del que “escribía no aire” e foron innumerables as persoas que gozaron con el respirando ese aire que Casares enchía de palabras amistosas, intelixentes e benhumoradas. Nós tamén queremos entender a Fundación Carlos Casares como unha gran tertulia, como un espazo aberto para o diálogo e a convivencia sen distinción de ideoloxías nin procedencias, capaz de contribuír, sequera modestamente, a que Galicia siga ocupando un lugar no mundo. É a nosa maneira de seguir escribindo no aire e de dicirlle a Carlos que todas as súas palabras non foron inútiles.

Damián Villalaín

Director da Fundación Carlos Casares

Uns apuntamentos sobre o autor



CARLOS CASARES Mouriño
(Xinzo de Limia 1941-Vigo 2002)

Pioneiro na literatura infantil galega, gaña a primeira convocatoria do Concurso de contos O Facho, en 1968, con *A galiña azul*; e tamén o primeiro premio do Concurso bianual de teatro convocado por O Facho en 1973, xustamente, con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*.

Posteriormente publicaría outras obras para pequenos: *O can Rin e o lobo Crispín*, de 1983, con ilustracións de Pedro de Llano. Crea unha serie que ten como protagonista un neno inventor e será ilustrada por Penélope Ares, *Este é Toribio*, *Toribio contra o profesor Smith*, *Toribio e o contador de contos* publicados en 1991, *Toribio ten unha idea* en 1992 e *Toribio revoluciona o tráfico* en 1994. En 1996 sae á luz *Lolo anda en bicicleta* ilustrado por Manolo Uhía, e no 2000 *Un polvo xigante* pensado para un lectorado máis amplo e con ilustracións de Enjamio. A edición póstuma de *O galo de Antioquía* (2003) conta con ilustracións de Andrés Meixide.

Nas obras infantís de Casares podemos atopar unha gran dose de tenrura, un algo de absurdo e moito de imaxinación. Esta, xoga coa realidade dando lugar a unha especie de realismo máxico ou fantástico que podería estar emparentado con autores tan de noso como Cunqueiro ou outros coma García Márquez. O elemento marabilloso e o misterio van nacendo da realidade máis común, e a lectura tórnase expectante ao sabermos que o escritor está sempre disposto a sorprender. Por momentos, os seus textos poden acadar tintes surrealistas. Escribe procurando unha linguaxe sinxela e clara, na que a espontaneidade e o sentido do humor parecen esperarnos ao pasar a páxina.

No primeiro dos seus libros *A galiña azul*, Casares escríbelle un conxunto de relatos a unha nena amiga que se fora de Galicia, e faino para que siga a lembrar a vila na que viviu —que é onde se desenvolven as historias— e a lingua na que falou. Escribir para que os pequenos non esquezan de onde son e o que lles é propio, ese podería ser un dos propósitos deste autor cando escribe para a infancia; outro pode ser a comunicación con ese interlocutor co que o xogo é máis libre e permite outras convencións.

Tamén para os lectores máis novos traduce *O principíño* de A. de Saint-Exúpery e *Os escaravellos voan á tardiña* de María Gripe, obras fundamentais no sistema literario galego.

A súa obra para adultos céntrase especialmente no xénero narrativo, tanto relato curto como novela: *Vento ferido* (1967), *Cambio en tres* (1969), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), *Os escuros soños de Clío* (1979), *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987), *Deus sentado nun sillón azul* (1996), *O sol do verán* (2004)...

Encadrado na Nova Narrativa, os seus primeiros libros caracterízanse por estaren ambientados no período franquista, utilizando elementos autobiográficos e empregando técnicas narrativas innovadoras; posteriormente vai abandonando o experimentalismo formal e recuperando maneiras tradicionais de contar.

Tamén destacan os seus ensaios, edicións críticas e biografías como as que realiza de Curros Enríquez, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro ou o Padre Sarmiento. En 1998 publica *Un mundo de palabras* onde reúne textos que van do ensaio ás memorias. Como columnista de prensa mantivo diariamente “Á marxe” no xornal La Voz de Galicia, dende 1988 até a súa morte.

En Casares xúntase o creador de historias co columnista, o home público que dirixe empresas de cultura co político, o investigador co escritor de ficcións para nenos, o tradutor e o tertuliano... Dirixiu entidades culturais como a revista Grial ou a editorial Galaxia, símbolo da resistencia cultural do galeguismo nos anos da ditadura franquista e peza clave da literatura galega contemporánea por ser a empresa onde se custodia o legado dos clásicos galegos. Foi membro da Real Academia Galega dende 1978 e presidente do Consello da Cultura Galega dende o 1996.

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

Esta é a única obra dramática de Casares. Foi estreada no ano 1973 polo grupo teatral da asociación O Facho na I Mostra de Teatro Galego de Ribadavia.

Pero ademais das veces nas que foi representada por grupos profesionais, moitas foron tamén as representacións levadas a cabo por nenos e nenas que hoxe son adultos, sendo unha peza referencial do teatro infantil galego.

Trátase dunha historia fantástica que inaugura o teatro destas características na literatura infantil galega. Unha peza na que hai conversas absurdas, comportamentos estraçalhados, esaxeracións ao límite, personificación de animais ou animación de obxectos, sempre á beira do cotián, rozando a normalidade. O inesperado sorprendéndonos, a desorde dándolle unha volta máis á torca, achegándose ao xogo dos nenos, a ese “nonsense” disparatado que descoloca aos adultos... e todo isto nunha época na que se consideraba que o teatro debía cumprir coa función social de denuncia: os relatos eran moitas veces parábolas dun presente, os personaxes debían ser bos ou malos de maneira simplificada e a loita entre uns e outros, a trama.

Publícaa a editorial Galaxia con ilustracións de Luís Seoane, un dos grandes da renovación da plástica galega.

Do teatro ao libro

Podemos voltar ao libro, á biblioteca, aos outros libros de Casares, a outros libros de teatro...

Como propostas de traballo a partir de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, suxerimos unha serie de actividades, que poderían integrarse nun “proxecto lector” para levar a cabo nos distintos niveis dun centro, durante un trimestre ou, con maior profundidade de tratamento, todo un curso escolar, cun enfoque evidentemente interdisciplinar.

- Buscar datos sobre o autor.
- Realizar unha exposición con todos os libros que atopemos del na biblioteca e nas nosas casas.
- Ler eses libros e logo facer un libro-forúm ou presentárnolos uns aos outros; tamén poderíamos elixir o anaco que máis nos gusta para facer carteis promocionais coa portada dese texto.
- Observar as ilustracións dos seus libros e opinar e valorar as que máis nos gustan.
- Localizar *O principião* na biblioteca. Podemos facer unha sesión de lectura compartida para disfrutalo máis; para esa obra pensaremos unha escenografía e vestuario, buscaremos os actores e veremos a posibilidade de adaptala para o teatro.
- Inventar máis aventuras para Toribio, ese personaxe da serie que creara Casares.
- Buscar as biografías que el escribiu e localizar outras biografías que teñamos na biblioteca. ¿Que persoas nos gustaría “biografar” a nós?
- Ler algún fragmento do libro *Un mundo de palabras*. Escribir, á maneira de Casares, unha sorte de textos libres que poidan englobarse baixo ese mesmo título.
- Reservar un tempo-espazo para *A galiña azul*: coñecer a Leoncio, e a súa *bomba da felicidade*, averiguar que lle pasou ao *peixe da fonte do xardín*, opinar sobre a teima de que todas as galiñas sexan iguais e non poidan ser azuis, mesmo se lles peta. Buscar outras maneiras de salvar á *galiña azul* ou de rirnos daqueles que se empeñan en uniformarnos.
- Investigar acerca daquelas entidades das que Casares formou parte: Parlamento Galego, Consello da Cultura Galega, Editorial Galaxia, revista Grial, Real Academia Galega...

Contactando...

- Esta guía contempla a posibilidade de contactar co Centro Dramático Galego para a solicitude de entradas precisas para acudir á representación teatral de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. É importante realizar este contacto. O CDG garante a resposta en tempo e forma axeitada, o que permitirá o seguimento das actividades posteriores.
- Cómpre consultar a información na web do CDG e no blog de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*:

<http://www.centrodramatico.org>

<http://www.aslaranxasmaislaranxasdetodasalaranxas.wordpress.com>

- O contacto pode facerse a través dos seguintes teléfonos:
Tfno.: 981 581 111 – 981 581 572
- Por correo electrónico:
centro.dramatico.galego@xunta.es

- Ou por correo postal:
Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela

Chegados a este punto, tedes xa unha boa cantidade de material (textos, imaxes...) que podedes organizar nun formato axeitado e dalo a coñecer.

Neste ir e vir das creacións dos rapaces, as laranxas seguirán a medrar nas hortas de todo o país...

Bibliolaranxas

- Angoloti, Carlos: *Comics, títeres y teatro de sombras. Tres formas plásticas de contar historias*. Ediciones de la Torre. Madrid, 1990.
- Barrio, M.: Harguindey, E.: *Lerías e enredos para os máis pequenos*. Ed. Galaxia. Vigo, 1983.
- Caldas, José; Pacheco, Natércia: *A nostalgia do Inefável na escola*. Ed. Quinta Parede. Porto, 1999.
- Casares, Carlos:
 - *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*. Ed. Galaxia. Vigo, 1973.
 - *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Ed. Galaxia. Vigo, 1988.
 - *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Ed. Galaxia. Vigo, 1991.
 - *A galiña azul*. Ed. Galaxia. Vigo, 1968.
 - *A galiña azul*. Ed. Galaxia. Vigo, 1988.
 - *A galiña azul*. Ed. Galaxia. Vigo, 1991.
 - *O can Rin e o lobo Crispín*. Ed. Galaxia. Vigo, 1983.
 - *O galo de Antioquía*. Ed. Galaxia. Vigo, 2003.
 - *Este é Toribio*. Ed. Galaxia. Vigo, 1991.
 - *Toribio contra o profesor Smith*. Ed. Galaxia. Vigo, 1991.
 - *Toribio e o contador de contos*. Ed. Galaxia. Vigo, 1991.
 - *Toribio ten unha idea*. Ed. Galaxia. Vigo, 1992.
 - *Toribio revoluciona o tráfico*. Ed. Galaxia. Vigo, 1994.
 - *Lolo anda en bicicleta*. Ed. Galaxia. Vigo, 1996.
 - *Un polvo xigante*. Ed. Galaxia. Vigo, 2000.
- Cortizas, Antón: *Chirlosmirlos*. Xerais. Vigo, 2003.
- Couto Palmeiro, Xoán; Lamapereira López, Antón; Vieites García, Manuel F.: *Práctica teatral na escola*. Ed. Ir Indo. Vigo, 1992.
- Galeano, Eduardo: *Las Palabras Andantes*. Editorial Siglo XXI. Madrid, 1993.
- G. Boullosa, Palmira: *Canto o Rei por aquí pasou...* Xerais. Vigo, 1997.
- González Reboredo, Xosé Manuel: *Guía das festas populares de Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo, 1997.
- Gubern, Román; Gasca, Luís: *El discurso del comic*. Cátedra. Madrid, 2001.
- López, Xosé; García, Xosé Manuel: *Os xoguetes esquecidos*. Ed. A Nosa Terra. Vigo, 2002.
- Novoneyra, Uxío: *Os Eidos*. Xerais. Vigo, 1987.
- Passatore, Franco: *Yo soy el árbol (Tú, el caballo)*. Reforma de la Escuela. Barcelona, 1985.
- Paricio, Paco; Amorós, Pilar: *Títeres y titiriteros. El lenguaje de los títeres*. Mira Editores. Zaragoza, 2000.
- Portillo, Rafael; Casado, Jesús: *Abecedario del teatro*. El Público. Madrid, 1988.
- Rodari, Gianni:
 - *Gramática da fantasía. Introducción á arte de contar historias*. Biblioteca de Panteno. Kalandraka Editora. Pontevedra, 1999.
 - *A góndola fantasma*. Xerais. Vigo, 2002.
- Sánchez, Gloria: *O home do impermeable amarelo*. Edicións SM. Vigo, 2000.
- Werner Backes: *Cometas*. Ediciones CEAC. Barcelona, 1990.
- *Teatro infantil galego*. (Monográfico). Fadamorgana N° 5, Outono 2000.
- *Creación escénica, toromelos e teorías do caos. A propósito dun texto dramático de Carlos Casares*. Manuel F. Vieites. Revista Galega de Teatro, N° 37, 2004.



galicia

